



## Comunicado Oficial da FGJUDOEDA sobre as variacións do calendario deportivo debido ao Virus Covid-19

Desde a Federación Galega de Judo y Deportes Asociados, despois da reunión mantida na tarde de onte na Secretaría Xeral para o Deporte, de forma responsable e atendendo ás recomendacións das autoridades sanitarias e deportivas para a prevención e contención do Coronavirus (Covid-19) en Galicia, tomamos a decisión de aprazar todas as probas federadas previstas no mes de marzo no noso calendario de actividades deportivas.

Tomamos esta decisión no seo da FGJUDODA realizando un exercicio de responsabilidade e prudencia, co ánimo de intentar controlar no noso ámbito a propagación deste virus e co obxecto preservar a saúde dos nosos deportistas, obxectivo intrínseco e fundamental da propia práctica deportiva.

Lamentamos ter que tomar este tipo de decisións, sendo conscientes dos prexuízos que supón para os nosos deportistas, técnicos, árbitros e clubs. Si a situación revirte, intentaremos desenvolver as actividades aprazadas para completar o calendario deportivo aprobado pola Asemblea, de non ser así, compoñeremos un calendario deportivo novo en canto a situación e as autoridades aconsélleno.

Actualizaremos a través das nosas canles de comunicación de xeito permanente as novidades, medidas e recomendacións que as autoridades sanitarias e deportivas nos comuniquen en cada momento quedando á vosa disposición para calquera consulta ou aclaración respecto de estas medidas excepcionais.

A Coruña, 12 de marzo de 2020.



Galicia JUDO  
FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D. A.

Mario Manuel Muzas Cobo.